



Concello de Vigo  
Concellería de Participación Cidadá



**C.A.M.**  
CENTRO DE ATENCIÓN MUNICIPAL



Servicio de Atención Cidadá

## **BIBLIOTECA CENTROS CIVICOS**

### **NORMATIVA PROVISIONAL DE PRÉSTAMO DOMICILIARIO**

- Para facer uso do servizo de préstamo, requírese estar en posesión do carné de usuario do Centro Municipal de Internet, tanto para usuarios de internet como para os lectores e lectoras da biblioteca municipal.
- Para a obtención do carné deberán presentar unha fotografía e un D.N.I. Os lectores e lectoras menores de 16 anos deberán presentar o D.N.I. do pai, nai, titor ou titora.
- Soamente poderase levar 1 libro por lector ou lectora, durante un prazo máximo de 15 días naturais.
- Non se admiten renovacións do prazo sinalado, nin reservas (telefónicas ou persoais) para o préstamo, polo que, sempre se solicitará á persoa responsable do centro no momento do préstamo e, transcorridos os 15 días, deberá ser devolto no mostrador do CAM.
- Os libros que están dispoñibles para o préstamo son os catalogados previamente no programa de bibliotecas que se utiliza no centro, os dispositivos multimedia e as revistas, son de consulta no propio centro.
- O carné de lector ou lectora, non ten data de caducidade, pero deberá notificarse á persoa responsable do centro as variacións que se produzan nos datos: dirección, teléfono, etc., aos efectos de actualización.
- No suposto de perda do carné, poderase solicitar outro novo (cunha foto), no centro emisor do carné orixinal, que llo facilitará ao momento.
- Serán consideradas como faltas graves:
  - A non devolución do libro prestado no prazo establecido.
  - O uso indebido das instalacións e equipamento da biblioteca.
  - A subtracción ou perda de libros.
  - A mala conservación dos libros prestados.
  - Ditas faltas poderán dar lugar ao pago dos gastos que se orixinaron pola reparación ou reposición do material prestado, e ata, a retirada do carné do lector- usuario ou lectora- usuaria.
- Se esta falta continúa sendo reincidente pasados 3 avisos de notificación de tales faltas.
- A retirada do carné supón a non utilización do aula de Internet nin do servizo de préstamo durante un prazo de 6 meses, \*podendo chegar a ser de forma definitiva, de continuar coas reincidencias.